

**ANEXO IV.**

**DECLARACIÓN**

**(CONTA XUSTIFICATIVA)**

<b>SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS INCLUIDOS NO REGISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA NA PROVINCIA DE LUGO NO CONTEXTO DA CRISE DA PANDEMIA DA COVID-19, ANUALIDADE 2020.</b>	<b>ANO 2020</b>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------

D/ D<sup>a</sup> ....., con NIF .....na miña condición de representante do beneficiario..... con NIF..... e sede social/domicilio en ..... localidade..... e concello de .....

No que atinxe á execución da actuación subvencionada “.....(denominación da actuación).....”, anualidade do 202\_\_.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

**I. Que o beneficiario ao que represento solicitou/obtivo as seguintes axudas (económicas e non económicas) para a mesma actuación subvencionada.**

- Achegas económicas

Non solicitou/recibiu ningunha outra axuda ou subvención doutra administración pública, ente público ou entidade privada para a mesma actuación subvencionada.

Solicitou/recibiu outra/s axuda/s ou subvencións doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a mesma actuación subvencionada, tal e como se detalla nesta relación:

**RELACIÓN DETALLADA**

CONCEPTO (marque cunha cruz)		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		

- Achegas non económicas

Non solicitou/recibiu ningunha outra axuda doutra administración pública, ente público ou entidade privada para a mesma actuación subvencionada.

Solicitou/recibiu outra/s axuda/s doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a mesma actuación subvencionada, tal e como se detalla nesta relación:

ENTIDADE COLABORADORA	TIPO DE AXUDA

II. Que a actuación subvencionada foi executada na súa totalidade cumprindo coas condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos nas bases da convocatoria

III. Que o beneficiario ao que represento non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública. E que se compromete a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

IV. Que o beneficiario ao que represento se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. E que se compromete a manter o cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

V. Que o beneficiario ao que represento autoriza á Deputación Provincial de Lugo a que solicite, se é o caso, os certificados de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, coa Facenda da Xunta de Galicia, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Recadación Provincial.

VI. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VII. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

E para que conste, asino a presente declaración.

Lugo, a ...de.....de 2021

O/A representante

(sinatura)